

22.3.2018|Axudas para actividades asistenciais e de atención a maiores e dependentes no exterior.

Normativa:

- **Orde ESS/1613/2012, de 19 de xullo**, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións destinadas aos programas de actuación para a cidadanía española no exterior e retornados. (BOE nº 174 de 21/07/2012)
- **Extracto da Resolución do 6 de febreiro de 2018 da Dirección Xeral de Migracións, pola que se convocan axudas para 2018, do Programa de Maiores e Dependentes da Orde ESS/1613/2012, do 19 de xullo.**(BOE nº 52 do 2/03/2018)

Obxecto:

Mellorar as condicións de vida dos españois maiores e/ou dependentes no exterior mediante o apoio aos centros sociais, centros de día e residencias de maiores para o mantemento e a realización de actividades de carácter informativo, social, asistencial ou cultural das institucións que teñan como finalidade a atención de dito colectivo.

Beneficiarios:

Os centros sociais, os centros de día e residencias de maiores, así como as institucións que acollan a persoas maiores que non pertencen á poboación activa, que teñan a condición de españois no exterior, ou sexan cónxuxes destes, e que carezan dos medios suficientes para subsistir en por sí.

Documentación:

- **Solicitud e anexos**
- Memorias (anexos II e III) Na memoria de cada un dos proxectos reflectirase o orzamento detallado das actividades a realizar.
- Acreditación das subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de outras Administracións o entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- Documentos constitutivos da entidade e da súa inscrición no rexistro correspondente. Esta documentación poderá substituírse por un certificado expedido pola Consejería de Empleo y Seguridad Social que acredite tales extremos. Non será preceptivo para as entidades inscritas no Censo de Asociacións e Centros da Dirección General de Migraciones (CACE).
- Os representantes das entidades, poder suficiente en dereito para actuar no seu nome e representación.
- DNI ou pasaporte dos representantes ou apoderados das entidades solicitantes.
- Certificado de residencia fiscal emitido por las autoridades competentes de su país de residencia, ou de non ser preceptiva pola normativa do país de residencia, certificación da Consejería ou Sección de Empleo e Seguridade Social que o acredite.
- Declaración responsable (anexo IV e V) de que a entidade solicitante se atopa ao corrente no pago de obrigas por reintegro de subvención e de que, tanto a entidade solicitante como as entidades membros que propoñen como executantes dos programas non están incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións establecidas.

Lugar de presentación:

- Consejerías de Empleo y Seguridad Social, nas Secciones de Empleo y Seguridad Social das Oficinas Consulares, así como nos Consulados ou Seccións Consulares das Embaixadas correspondentes ao domicilio ou residencia do/da solicitante.
- En calquera dos rexistros u oficinas a que fai referencia a normativa do procedemento administrativo común.

Prazo de presentación:

20 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación do extacto da resolución no BOE. Ata o 22 de marzo de 2018.

[Imprimir](#)
